



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

Referencia: DP0029 / 2025

Expediente convocatoria: 2024000034313

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DISPÓN AVOCAR A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO AOS CONCELLOS E AGRUPACÍONS DE CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA DE MENOS DE 50.000 HABITANTES PARA O FINANCIAMENTO DO GASTO DE PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO DURANTE O ANO 2025 (DP0029 / 2025) E A APROBACIÓN DA DITA MODIFICACIÓN E DUN NOVO PRAZO DE PRESENTACIÓN OU MODIFICACIÓN DE SOLICITUDES.

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Mediante resolución da Presidencia número 41410 de data 11 de outubro de 2024 aprobáronse as Bases reguladoras do programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2025 (DP0029 / 2025) sendo obxecto de publicación no BOP número 200 do mércores 16 de outubro de 2024.

A convocatoria do programa fíxose por resolución da Presidencia número 42114 de data 16 de outubro de 2024, establecéndose que "o prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 21 de outubro de 2024, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de novembro de 2024".

Advertido que, debido aos problemas que se están a xerar nos tipos de contratación, e considerando o posible prexuízo que se pode producir de cara aos traballadores do sector, óptase por ampliar os grupos de contratación para facilitar a consolidación das prazas nos concellos da provincia.

Dado que algúns dos concellos inclúen nas súas relacións de postos de traballo prazas con categoría C1 (en particular concellos pequenos con limitacións orzamentarias) e dado que a esixencia de contratación dun nivel mínimo A2 ou B supón un quebranto a nivel económico ou estrutural o que motiva que as entidades opten por contratación externa co prexuízo conseguinte para os técnicos de turismo, optase por ampliar o rango de contratación de persoal público no referido aos subgrupos de contratación incluíndo o subgrupo C1 facilitando aos concellos a cobertura das devanditas prazas.

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325,

RPT-21603607

de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2025", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2025 coa suficiente antelación.

Segundo. Modificar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2025", tal e como figura no Anexo I, no sentido seguinte

Onde di:

As contratacións de persoal que se financien ou xustifiquen a través desta convocatoria deberán ter o grupo de cotización e salario segundo o convenio colectivo aplicable e vixente no momento de formular a solicitude, e no caso de persoal funcionario ou laboral fixo ou temporal, deberán pertencer como mínimo ao subgrupo de clasificación A2, con nivel 16 o e subgrupo de clasificación B correspondente.

Debe dicir:

As contratacións de persoal que se financien ou xustifiquen a través desta convocatoria deberán ter o grupo de cotización e salario segundo o convenio colectivo aplicable e vixente no momento de formular a solicitude, e no caso de persoal funcionario ou laboral fixo ou temporal, deberán pertencer como mínimo ao subgrupo de clasificación A2, con nivel 16, ou subgrupo de clasificación B correspondente ou subgrupo C1.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar un novo prazo de presentación ou modificación de solicitudes permitindo que os concellos que xa formularon a súa solicitude no prazo transcorrido ata a aprobación da modificación desta convocatoria, poidan manter ou modificar a súa solicitude, e que aqueles que non a formularon poidan formulala tendo en conta as novas condicións.

O novo prazo de solicitude iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente resolución, que se une como anexo, e rematará ás 14:00 horas do día 16 de xaneiro de 2025, tendo en conta que tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urxente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO I

BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO A CONCELLOS E AGRUPACÍONS DE CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA, DE MENOS DE 50.000 HABITANTES, PARA FINANCIAR O GASTO DO PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO DURANTE O EXERCICIO 2025

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
Sección	Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico
Anualidade	2025
Denominación	Programa de subvencións dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña, de menos de 50.000 habitantes, para financiar o gasto do persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2025
Beneficiarios	Concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes
Programa	DP0029/2025
Aplicación orzamentaria	0510/4321/46201
Importe da convocatoria	800.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Máximo 20.000 €

Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 10.000 € e máximo 20.000 €
Importe solicitado	Até o 100% do orzamento de gastos
Coeficiente de financiamento	1
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na disposición adicional das Bases Xerais.

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas a promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 39048 do 1 de outubro de 2024 ([BOP número 190, mércores, 2 de outubro de 2024](#)).

2.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1. Réxime xurídico

Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia e normativa de desenvolvemento.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da deputación aprobado en acordo plenario número 13 do 27 de setembro de 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan.

Base 2. Obxecto e finalidade

A Deputación da Coruña convoca esta liña de subvencións como parte da súa política de apoio aos servizos municipais de turismo, conscientes da necesidade e da relevancia de fortalecer e profesionalizar o sector turístico, financiando a contratación de persoal técnico para as oficinas de turismo dos concellos ou agrupacións de concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña durante o ano 2025.

2.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

O obxecto do programa DP0029/2025 é financiar gastos de persoal técnico para as oficinas de turismo dos concellos ou agrupacións de concellos da provincia da Coruña de poboación inferior a 50.000 habitantes, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025.

Serán obxecto de subvención neste programa:

- Os postos de traballo que estean desempeñados por persoal funcionario ou laboral fixo ou temporal con relacións de emprego que se axusten a lexislación vixente en materia laboral ou funcional.
- A contratación externa do servizo.

O persoal financiado por esta convocatoria deberá estar en posesión dalgún dos seguintes títulos, e en todo caso do Celga 4 ou equivalente:

- Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente
- Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente
- Grao ou diplomatura en Turismo ou equivalente homologado
- Dobre grao en Ciencias Empresariais e Turismo
- Grao ou licenciatura en Historia da Arte
- Grao ou licenciatura en Humanidades
- Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio
- Grao ou licenciatura en Historia

As contratacións de persoal que se financien ou xustifiquen a través desta convocatoria deberán ter o grupo de cotización e salario segundo o convenio colectivo aplicable e vixente no momento de formular a solicitude, e no caso de persoal funcionario ou laboral fixo ou temporal, deberán pertencer como mínimo ao subgrupo de clasificación A2, con nivel 16, ou subgrupo de clasificación B correspondente ou subgrupo C1.

En ningún caso a Deputación lle aboará de forma directa cantidade ningunha ao persoal técnico contratado, xa que todos os pagamentos os realizarán os concellos contratantes.

A participación neste programa non suporá relación algunha entre a Deputación e o persoal técnico das oficinas turísticas municipais.

Base 3. Solicitantes

Poderán solicitar as subvencións neste programa:

- Concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña con poboación inferior a 50.000 habitantes. Para estes efectos, terase en conta a poboación oficial do concello segundo os datos do último padrón publicado polo Instituto Nacional de Estatística.
- Os concellos de menos de 10.000 habitantes que non dispoñan de áreas de Turismo nin persoal asignado á xestión de turismo no seu organigrama, que non contén con grandes infraestruturas de aloxamento, mais que no seu territorio dispoñan de espazos, bens ou outros recursos capaces de xerar dinámicas positivas para o turismo, estacional ou eventualmente, poderán solicitar a subvención conxuntamente mediante a agrupación de concellos limítrofes (mínimo tres).

Cada concello ou agrupación de concellos poderá solicitar unha única subvención.

Base 4. Gastos subvencionables

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan Xeral de Contabilidade
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade
649	Outros gastos sociais
623	Servizos profesionais independentes
629	Outros servizos
607	Traballos realizados por outras empresas para o desenvolvemento da actividade

Base 5. Compatibilidades e exclusións

Non serán obxecto de subvención:

5.1.- Os gastos que non se correspondan co obxecto específico da convocatoria.

5.2.- As actividades obxecto desta convocatoria xa subvencionadas pola Deputación da Coruña no mesmo exercicio.

As subvencións outorgadas nesta convocatoria son compatibles con calquera outra subvención provincial para a mesma entidade beneficiaria, e para o mesmo período, sempre e cando non sexan para financiar o mesmo obxecto.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

A forma e prazo da solicitude regúlanse nas bases xerais.

A documentación que se ha presentar para a solicitude é a relacionada no ANEXO I destas bases.

A presentación dunha solicitude de subvención supón a aceptación destas bases reguladoras.

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

Base 7. Compromisos e obrigas

Os/as beneficiarios/as deberán cumprir, ademais dos indicados na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias e nas Bases Xerais, os seguintes compromisos e obrigas:

7.1.- No caso de non contar con persoal técnico de turismo no cadro de persoal do concello, a selección para o ano 2025, realizarase en réxime de dereito laboral ou administrativo, con cumprimento das disposicións vixentes, respectando, en todo caso, os requisitos de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O procedemento de selección do persoal ou de contratación do servizo poderá desenvolverse por parte da entidade local de forma parella ao procedemento de resolución das subvencións, de maneira que a contratación efectiva do persoal non sufra demoras unha vez publicada a resolución definitiva do programa DP0029.

7.2.- Difusión do apoio da Deputación.

Os puntos nos que se sitúen as oficinas de información turística terán en lugar visible a imaxe corporativa da Deputación, así como o horario e localización do resto de oficinas que funcionan no xeodestino no que estean enmarcados.

7.3.- O período mínimo de atención ao público da oficina de turismo será de 4 meses, coincidindo coa tempada alta turística.

7.4.- A información facilitada comprenderá a información local e tamén información de todo o xeodestino e da provincia da Coruña. En ningún caso se ofrecerá información tendente á realización de accións discriminatorias de comercialización turística nin sobre establecementos non inscritos no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas.

7.5.- Os informadores turísticos adscritos ás citadas oficinas están obrigados a realizar os seminarios de formación en temas relacionados co turismo que puidese impartir a Deputación, co obxecto de mellorar a calidade dos servizos que se han prestar.

7.6.- Garantirase a utilización da lingua galega na prestación do servizo (rótulos, documentos, paneis...) xunto co resto das linguas que se considere utilizar para mellorar a calidade do servizo.

7.7.- O persoal contratado ao abeiro desta subvención deberá coordinarse periodicamente cunha axenda de traballo remitida pola Sección de turismo da Deputación para verificar o cumprimento do obxecto da convocatoria.

7.8.- O persoal contratado asistirá ás reunións periódicas que convoque a Sección de Turismo con fin de facer un seguimento da axenda proposta.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrência competitiva e será aprobada por resolución da presidencia da Deputación, polo procedemento de concesión definitiva regulado nas bases xerais destas axudas.

Valoración das solicitudes.

Para a valoración das solicitudes desta convocatoria seguiranse os seguintes criterios de baremación:

1. Número total de prazas de aloxamento en establecementos turísticos do concello ou agrupacións de concellos. Este dato extraerase do Rexistro Oficial de Empresas e Actividades Turísticas dependente da Dirección Xeral de Turismo, referido a 31 de decembro do ano anterior ao da convocatoria.	Entre 1 e 250 ----- 4 puntos Entre 251 e 500-----8 puntos Entre 501 e 750-----12 puntos Entre 751 e 1.000 ----- 16 puntos Máis de 1.000 ----- 20 puntos	Ata 20 puntos
2. Capacidade de cobertura da demanda turística		Ata 40 puntos
2.1. Concellos ou agrupacións de concellos que dispoñan de oficinas de información turística diferenciadas doutras dependencias	15 puntos	
2.2. Concellos ou agrupacións de concellos que contengan nos seus orzamentos cunha área ou servizo de Turismo diferenciada, persoal asignado e crédito consignado:	15 puntos	
2.3. Concellos ou agrupacións de concellos que manteñan os servizos de información turística operativos ao longo de todo o ano, ou un mínimo de 4 meses:	5 puntos por ano completo e 1 punto polo período mínimo de 4 meses e 0,5 puntos por cada mes a maiores	
2.4. Concellos ou agrupacións de concellos que contengan información turística na rede actualizada permanentemente (mínimo semanalmente, caso das webs) a través de webs turísticas, redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram, Flickr, Youtube...)... e dende hai, como mínimo, 1 ano, para estes efectos, comprobaranse as estatísticas das páxinas e das redes.	Máximo 5 puntos Web específica de turismo: 3 puntos Espazo no menú da web municipal: 1 punto (non puntuaría nos casos de web específica) Redes sociais: 0,5 por cada rede	
3. Interese turístico e planificación sostida		Ata 40 puntos
3.1. Concellos declarados municipios de interese turístico	5 puntos	
3.2. Concellos ou agrupacións de concellos que contengan con festexos declarados de interese turístico galego	5 puntos	
3.3. Concellos ou agrupacións de concellos que nos 4 anos anteriores desenvolveran plans de achegamento á calidade turística ou contengan con marcas de calidade turística local ou que no momento da convocatoria estean en trámite de contratación	5 puntos	
3.4. Concellos ou agrupacións de concellos que teñan certificados recursos turísticos baixo criterio dalgunha das normas europeas cualificadoras da calidade (praias, recursos turísticos, patrimonio...)	1 punto por recurso, máximo 5 puntos	
3.5. Concellos ou agrupacións de concellos que contengan con establecementos catalogados coa Q de calidade turística	1 punto por establecemento, máximo 5 puntos	

3.6. Concellos ou agrupacións de concellos que contén no seu territorio con espazos naturais catalogados como protexidos por normas autonómicas, estatais ou europeas	1 punto por recurso, máximo 5 puntos	
3.7. Concellos ou agrupacións de concellos que contén no seu territorio con patrimonio catalogado como Ben de Interese Comunitario BIC	1 punto por ben catalogado, máximo 5 puntos	
3.8. Concellos ou agrupacións de concellos que contén con museos e centros de interpretación	1 punto por recurso, máximo 5 puntos	

Base 9. Xustificación e pago

Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o 31 de marzo de 2026 ás 14:00 horas.

9.2. Documentación xustificativa.

A documentación que se ha presentar para a xustificación é a indicada no Anexo II desta convocatoria.

Perda do dereito e reintegro

Segundo o indicado nas Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 39048 do 1 de outubro de 2024 ([BOP número 190, mércores, 2 de outubro de 2024](#)).

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Segundo o indicado nas Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 39048 do 1 de outubro de 2024 ([BOP número 190, mércores, 2 de outubro de 2024](#)).

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións:

- Declaro coñecer a seguinte información en materia de protección de datos: Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos

datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña (<https://sede.dacoruna.gal/>). Para máis información pode consultar a política de privacidade (<https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/privacidad/index.html>).

- Declaro que a entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña aprobada polo pleno da Deputación, publicada no BOP nº 185 do 25 de setembro de 2024, e nas bases reguladoras da presente convocatoria, e no caso de resultar beneficiario da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fidedigna o seu cumprimento no caso de ser requirido pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estatísticas, enquisas e formularios.

Documentación:

- Deberá achegar documento acreditativo da delegación da Alcaldía/Presidencia no que se especifique o alcance da dita delegación (presentación telemática das solicitudes de subvencións, sinatura electrónica de todos os documentos necesarios para a súa tramitación, incluíndo as certificacións).
- Certificación orixinal acreditativa do acordo de solicitude
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Informe da Secretaría da entidade sobre o posto de traballo, no que se indicará a súa adecuación á lexislación vixente. (Obrigatorio no caso de persoal propio do concello, funcionario ou laboral fixo ou temporal).
- Memoria explicativa da actividade que se vai realizar as tarefas que ha realizar, calendario de actividades previstas e horario da xornada laboral, así como as titulacións requiridas.
- Certificación expedida pola Secretaría do concello na que se acredite que hai un informe técnico no que constan os datos aportados na solicitude a efectos de baremación.
- As agrupacións de concellos que se constitúan para o mantemento en común deste servizo presentarán tamén de xeito telemático:
 - Certificación acreditativa do acordo de solicitude
 - Certificación do nomeamento dun representante legal
 - Declaración na que conste cal é o concello que vai recibir o importe da achega
- Calquera outra documentación, compromisos ou manifestacións que sexa precisa para a valoración da solicitude.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións:

- Declaración de que a entidade RENUNCIA á parte da achega provincial non xustificada (só no caso en que os xustificantes non alcancen o importe mínimo a xustificar ou no caso en que a achega concedida, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos pagos executados) e que, no seu caso, ACEPTA o reintegro da cantidade anticipada ao non

alcanzar a cantidade mínima requirida para a xustificación.

- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consente en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%)
- Os gastos presentados neste expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, na contabilidade do concello, segundo o disposto no artigo 14.1 da Lei Xeral de Subvencións.
- Declaración de que a entidade non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- Declaración que a entidade fixo constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática, audiovisual) que se faga das actividades subvencionables.

Documentación:

- Memoria xustificativa das tarefas realizadas polo persoal e dos resultados obtidos.
- Certificación de gastos realizados expedida polo órgano responsable da contabilidade da entidade local, que deberá xerarse na plataforma SUBtel logo de ter completada na mesma a "Relación de gastos" cos datos dos xustificantes de gastos, detallando o período no que se prestou atención ao público na oficina de turismo.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para o mesmo obxecto, das subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto. No caso de concorrencia de subvencións públicas que estean xustificadas, poderá achegarse certificación da administración que a concedeu, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados e período ao que se refiren os gastos.
- Fotografía da oficina de turismo onde figure claramente o logotipo da Deputación da Coruña e os horarios de todas as oficinas do xeodestino, de ser o caso.
- Informe da secretaría que certifique o tipo de contrato empregado segundo a natureza do posto ou, no seu caso, da contratación de empresa externa:
 - Nome, apelidos e NIF do persoal subvencionado.
 - Tipo de vinculación laboral (funcionario/a, funcionario/a interino/a, persoal laboral fixo ou temporal).
 - Data da toma de posesión ou da formalización de contrato e data de fin do contrato (no seu caso).
 - Categoría profesional e titulación académica (incluíndo Celga 4 ou equivalente).
 - Tipo de xornada de prestación dos seus servizos (xornada completa, media xornada ou outra).
 - Período no que estivo vinculado ao concello (todo o ano ou outro período).
 - Se é un contrato de servizos, certificación das condicións ou prescricións técnicas que serviron de base para a contratación, onde consten as funcións a realizar polo persoal técnico contratado, a titulación requirida, a duración da xornada laboral e a forma de pago.
- Título académico do traballador ou traballadora que certifique que cumpre cos requisitos das bases reguladoras
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

ANEXO II

EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña con poboación inferior a 50.000 habitantes. Para estes efectos, terase en conta a poboación oficial do concello segundo os datos do último padrón publicado polo Instituto Nacional de Estatística. Os concellos de menos de 10.000 habitantes que non dispoñan de áreas de Turismo nin persoal asignado á xestión de turismo no seu organigrama, que non contén grandes infraestruturas de aloxamento, mais que no seu territorio dispoñan de espazos, bens ou outros recursos capaces de xerar dinámicas positivas para o turismo, estacional ou eventualmente, poderán solicitar a subvención conxuntamente mediante a agrupación de concellos limítrofes (mínimo tres).

Segundo. Obxecto

O obxecto do programa DP0029/2025 é financiar gastos de persoal técnico para as oficinas de turismo dos concellos ou agrupacións de concellos da provincia da Coruña de poboación inferior a 50.000 habitantes, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 800.000,00 €, con cargo á partida 0510/4321/46201 do orzamento ordinario para 2025, As axudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 10.000,00 € e un máximo de 20.000,00 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iníciase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no BOP da Coruña, e rematará ás 14:00 horas do día 16 de xaneiro de 2025.

Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Ayuntamientos y agrupaciones de ayuntamientos de la provincia de A Coruña con población inferior a 50.000 habitantes. A estos efectos, se tendrá en cuenta la población oficial del ayuntamiento según los datos del último padrón publicado por el Instituto Nacional de Estadística. Los ayuntamientos de menos de 10.000 habitantes que no dispongan de áreas de Turismo ni personal asignado a la gestión de turismo en su organigrama, que no cuenten con grandes infraestructuras de alojamiento, mas que en su territorio dispongan de espacios, bienes u otros recursos capaces de generar dinámicas

positivas para el turismo, estacional o eventualmente, podrán solicitar la subvención conjuntamente mediante la agrupación de ayuntamientos limítrofes (mínimo tres).

Segundo. Objeto

El objeto del programa DP0029/2025 es financiar gastos de personal técnico para las oficinas de turismo de los ayuntamientos o agrupaciones de ayuntamientos de la provincia de A Coruña de población inferior a 50.000 habitantes, desde 1 de enero hasta 31 de diciembre de 2025.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 800.000,00 €, con cargo a la partida 0510/4321/46201 del presupuesto ordinario para 2025, Las ayudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 10.000,00 € y un máximo de 20.000,00 €.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de convocatoria en el BOP de A Coruña, y finalizará a las 14:00 horas del 16 de enero de 2025.

Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>